

Temario básico de referencia

Escala de Orientación Laboral

Parte específica | Tema 41

Servizos garantidos a persoas, empresas e demais entidades empregadoras.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN





© 2024 - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dispoñible baixo licenza [CC BY-NC-SA 4.0](#)



BY: en caso de citar os contidos, debe outorgarse crédito da autoría á Xunta de Galicia.

NC: só se permite o uso non comercial da obra.

SA: as adaptacións que se elaboren deben compartirse coa mesma licenza.

AVISO DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE.

Estes contidos non son un temario oficial.

Supoñen unicamente unha ferramenta de axuda que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pon a disposición de todas as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos para o ingreso no corpo de xestión da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de orientación laboral.

Os contidos responden á normativa, documentos e outras referencias que estaban vixentes no momento da súa elaboración, polo que poden ter sufrido cambios co decurso do tempo. Comprobe sempre e vixencia dos contidos e empregue as últimas versións dispoñibles.



Índice

1	Servizos garantidos a persoas, empresas e demais entidades empregadoras.....	4
1.1	Servizos garantidos a persoas, empresas e demais entidades empregadoras na lei 3/2023, do 28 de febreiro	4
1.2	Servizos garantidos a persoas, empresas e demais entidades empregadoras no Real Decreto 438/2023, do 30 de abril.....	5



1 Servizos garantidos a persoas, empresas e demais entidades empregadoras

1.1 Servizos garantidos a persoas, empresas e demais entidades empregadoras na lei 3/2023, do 28 de febreiro

Dentro do Capítulo I do seu Título IV, a Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego (en diante, LE) regula os servizos garantidos e compromisos das persoas demandantes de servizos de emprego e as empresas, establecendo o seguinte:

I. Servizos garantidos a persoas demandantes de servizos de emprego e a persoas, empresas e demais entidades empregadoras (artigo 55 da LE).

A Axencia Española de Emprego e os servizos públicos de emprego das Comunidades Autónomas, ben directamente ou a través da súa colaboración con outros axentes públicos, privados e cos interlocutores sociais, deben garantir en todo o territorio nacional os servizos que se relacionan nos artigos seguintes ás persoas demandantes de servizos de emprego e ás persoas, empresas e demais entidades empregadoras.

A asignación destes servizos estará asistida pola análise de datos e as evidencias estatísticas que mostren o seu impacto e efectividade nesa mellora.

O contido e alcance dos mesmos determinaranse regulamentariamente.

Este desenvolvemento regulamentario tense realizado a través do Real Decreto 438/2024, do 30 de abril, polo que se desenvolven a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantidos establecidos na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, que se analiza no seguinte apartado deste tema.

II. Catálogo de servizos garantidos a persoas, empresas e demais entidades empregadoras (Artigo 57 da LE).

A Axencia Española de Emprego e os servizos públicos de emprego das Comunidades Autónomas, ben directamente ou a través da súa colaboración con outros axentes públicos e privados e cos interlocutores sociais e outras entidades colaboradoras, deben garantir en todo o territorio nacional os servizos que se relacionan a continuación ás persoas, empresas e demais entidades empregadoras demandantes de servizos de emprego, con obxecto de facilitar o seu acceso a unha información de calidade sobre as modalidades de contratación e as axudas ás mesmas, así como procesos eficaces de difusión das súas necesidades de persoas traballadoras e procesos de captación de persoas candidatas.

Os servizos garantidos serán os seguintes:

- Xestión das ofertas de emprego presentadas aos servizos públicos de emprego.
- Información e asesoramento sobre a contratación e as medidas de apoio á mesma.
- Identificación das necesidades das empresas, tanto no que se refire a postos vacantes como a perfís profesionais requiridos que facilite unha adecuada planificación formativa.
- Información e apoio sobre os procesos de comunicación das contratacións e os trámites legais complementarios.
- Apoio nos procesos de recolocación nos supostos previstos legalmente.
- Información e asesoramento sobre a difusión de ofertas no ámbito da Unión Europea a través da Rede EURES.

O desenvolvemento e implementación dos servizos garantidos previstos neste artigo efectuarase regulamentariamente.

III. Compromisos das persoas, empresas e demais entidades empregadoras usuarias dos servizos de emprego (artigo 59 da LE).

As persoas, empresas e demais entidades empregadoras usuarias dos servizos de emprego, para poder acceder aos servizos garantidos regulados no artigo 57.2, están suxeitas aos seguintes compromisos:

- Colaborar activamente cos servizos públicos de emprego na planificación das actividades formativas.
- Comunicar as postos vacantes cos que contén, nos termos que se establezan regulamentariamente.
- Colaborar coa mellora da empregabilidade das persoas traballadoras.

1.2 Servizos garantidos a persoas, empresas e demais entidades empregadoras no Real Decreto 438/2023, do 30 de abril

Segundo establece o Real Decreto 438/2023, do 30 de abril, polo que se desenvolven a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego e os servizos garantidos establecidos na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego (en diante, RDCCS) en relación ás persoas, empresas e entidades usuarias dos servizos (artigo 5):

- Poderán ser usuarias dos servizos prestados polos servizos públicos de emprego:



→ As persoas, desempregadas ou ocupadas, que en función das súas necesidades e requirimentos poderán ser demandantes de emprego e servizos ou unicamente solicitantes de servizos, atendendo ao establecido sobre os colectivos de atención prioritaria para a política de emprego no artigo 50 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro.

Tendo en conta as especiais circunstancias dos colectivos de atención prioritaria, os servizos públicos de emprego asegurarán o deseño de itinerarios individuais e personalizados de emprego que combinen as diferentes medidas e políticas, debidamente ordenadas e axustadas ao perfil profesional das persoas que os integran e ás súas necesidades específicas. Cando iso sexa necesario, os servizos públicos de emprego coordinaranse cos servizos sociais para dar unha mellor atención a estas persoas.

→ As persoas, empresas e demais entidades empregadoras.

- As persoas, empresas e entidades usuarias recibirán os servizos da Carteira Común sinalados no artigo 1.1 e os servizos complementarios a que refire o artigo 1.2.

Artigo 1. Obxecto.

1. Este real decreto ten por obxecto desenvolver a Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego, na que se recollen os servizos garantidos previstos na Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, e os demais que puidesen prestarse en todo o territorio do Estado e por todos os servizos públicos de emprego, ben directamente, a través dos seus propios medios, ben a través daquelas entidades, públicas ou privadas, sen ánimo ou con ánimo de lucro, colaboradoras no marco da política de emprego.

Así, regúlanse os principios e requisitos mínimos aos que deben axustarse os servizos que conforman a Carteira, co fin de asegurar o cumprimento das súas funcións e garantir condicións de calidade e igualdade na atención ás persoas demandantes de servizos de emprego e ás persoas, empresas e demais entidades empregadoras usuarias dos servizos públicos de emprego no conxunto do territorio nacional, así como os requisitos e procedementos necesarios para o adecuado seguimento da prestación dos servizos da Carteira polos servizos públicos de emprego e para a súa avaliación.

2. Así mesmo, este real decreto regula os principios que informan a prestación dos servizos complementarios que, no seu caso, establezan os servizos públicos de emprego autonómicos no marco da política de emprego.



- As persoas, empresas e entidades usuarias dos servizos públicos de emprego deberán cumprir as obrigas derivadas do acceso aos servizos contemplados no capítulo III e, no seu caso, as establecidas para as persoas beneficiarias de prestacións e subsidios por desemprego.
- Os servizos públicos de emprego poderán establecer no seu ámbito territorial, requisitos de acceso para determinados servizos ou actividades sempre que non dean lugar a unha discriminación. Así mesmo, poderase requirir a previa inscrición como demandante de emprego e/ou de servizos para acceder aos mesmos.

Este RDCCS dedica a subsección 2ª do Capítulo III aos servizos de intermediación, colocación e asesoramento a empresas, establecendo o seguinte:

I. Obxecto e finalidade (artigo 15 do RDCCS).

Os servizos de intermediación, colocación e asesoramento a persoas, empresas e entidades empregadoras teñen por obxecto identificar e xestionar ofertas de emprego, incluíndo as procedentes de terceiros países no marco dos acordos que se establezan no ámbito nacional ou comunitario. Ademais, poderán localizar e desenvolver novas oportunidades de emprego, vinculándoas a persoas usuarias que mellor se axusten a elas en función do seu perfil e competencias, a fin de facilitar información ás empresas e entidades empregadoras sobre posibles persoas candidatas apropiadas ás súas necesidades, e ás traballadoras e traballadores o acceso á información sobre as ofertas de emprego dispoñibles e máis adecuadas ao seu perfil.

Poderán ser usuarias destes servizos as persoas, empresas e demais entidades empregadoras públicas ou privadas con capacidade para contratar, independentemente da súa forma xurídica. O acceso á actividade será a instancias da empresa ou do persoal técnico do servizo público de emprego.

Ademais, estes servizos facilitarán información sobre as modalidades de contratación, incentivos e requisitos sobre a tramitación das axudas.

Cando se considere adecuado para alcanzar os obxectivos, as actividades destes servizos poderán desenvolverse mediante a colaboración público-pública, atendendo especialmente á dimensión local da política de emprego, ou público-privada, que poderá acordarse con entidades privadas, con ou sen ánimo de lucro, a través de acordos marco de vixencia máxima cuadrienal, entre outras formas de colaboración.

Para o desenvolvemento de calquera dos servizos de intermediación, colocación e asesoramento, precísase que a empresa estea dada de alta no SISPE e en caso de non estarlo, procederase ao seu rexistro.

Os servizos de intermediación, colocación e asesoramento a empresas comprenderán, de conformidade co previsto nos artigos seguintes, os servizos que a continuación se relacionan:

- Xestión das ofertas de emprego.
- Información e asesoramento á contratación e as medidas de apoio á mesma.
- Prospección e captación de ofertas de emprego.
- Identificación das necesidades das empresas.
- Información e apoio sobre procesos de comunicación das contratacións.
- Apoio nos procesos de recolocación.
- Información e asesoramento sobre a difusión de ofertas no ámbito da Unión Europea a través da Rede EURES.

II. Xestión das ofertas de emprego (artigo 16 do RDCCS).

Os servizos públicos de emprego xestionarán as ofertas de emprego presentadas ante os mesmos e a súa casación coas persoas demandantes de emprego, de acordo co seu perfil profesional e as súas competencias profesionais, no prazo de 8 días. Así mesmo, verificarán o cumprimento da obriga das persoas solicitantes e beneficiarias de prestacións e subsidios por desemprego de aceptar a colocación adecuada, de acordo co previsto no artigo 299.1.f) do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro.

Este servizo incluírá tamén a actividade de difusión de información sobre as ofertas de emprego adecuadas e dispoñibles a través do Portal Único de Emprego ou soporte acordado vixente, así como a información a requirimento, das ofertas de emprego dispoñibles.

Poderán ser usuarias das actividades previstas neste artigo as empresas públicas ou privadas, independentemente da súa forma xurídica, e as persoas autónomas e demais entidades con capacidade para contratar, que ofrezan postos de traballo para a súa xestión, calquera que sexa a súa forma xurídica e o ámbito xeográfico da oferta de emprego.

A persoa responsable da empresa usuaria describirá na forma máis detallada posible:

- O número e as características do posto de traballo e as funcións a desempeñar.
- O perfil profesional que deben ter as candidaturas en relación coa ocupación e nivel profesional.
- As competencias profesionais, experiencia, nivel formativo, titulacións e outras que considere relevantes.



Contando para isto co apoio dos servizos públicos de emprego, a través de persoal cualificado para a xestión de ofertas de emprego, que ademais será o responsable de garantir que a oferta de emprego cumpre coa lexislación vixente. O Servizo Público de Emprego competente non xestionará a oferta se esta non cumpre a dita lexislación, sen prexuízo de dar traslado da mesma á Inspección de Traballo e Seguridade Social. A empresa poderá tamén indicar se ten preferencia por candidaturas de persoas con discapacidade ou outro tipo de colectivo de atención prioritaria.

Igualmente, a empresa achegará a seguinte información relativa ás condicións laborais:

- Tipo de contrato.
- Xornada.
- Horario.
- Salario.
- E calquera outra que se considere de interese para unha mellor xestión da oferta de emprego.

Cando sexa necesario, o Servizo Público de Emprego poderá solicitar información adicional en relación con esta xestión.

A empresa e o Servizo Público de Emprego poderán acordar un procedemento e o grao de intermediación desexado en relación con:

- A publicidade da oferta de emprego.
- O número de candidaturas.
- O envío directo, previo contacto, das persoas candidatas, ou dos seus currículos.
- A preselección ou selección técnica de persoas candidatas.
- E os compromisos recíprocos por ambas as partes, especialmente no que se refira ás candidaturas enviadas e ao peche da oferta de emprego.

Neste sentido, poderá establecerse un acordo de corresponsabilidade coas empresas usuarias do servizo, onde se reflectan as obrigas destas cos servizos públicos de emprego, en canto ás condicións de uso deste servizo, especialmente no relativo á achega de información requirida polo Servizo Público de Emprego durante as fases de rexistro, seguimento e peche das devanditas ofertas. Poderase, así mesmo, finalizar a xestión da oferta se a empresa desiste tacitamente da súa xestión.

Unha vez definidas as características do posto e funcións a desempeñar, así como o perfil das persoas candidatas e as condicións laborais, identificarase:

- Á persoa da empresa responsable da oferta de emprego.
- Á persoa responsable da súa xestión.
- E o medio de contacto preferente e os modos de contactar.

Con esta información procederase ao rexistro da oferta de emprego en SISPE e despois á sondaxe e preselección das persoas demandantes de emprego que cumpran co perfil profesional, realizando esta xestión en función do grao de intermediación acordado coa empresa, que poderá consistir no envío directo de persoas candidatas ou dos seus currículos, na preselección polo servizo público de emprego ou na realización de probas de selección técnica cando así o requira o posto de traballo.

O Servizo Público de Emprego competente realizará o seguimento das persoas seleccionadas para coñecer o resultado das que foron contratadas ou rexeitadas, motivado individualmente, así como as que non se presentaron. Poderase concluír a oferta se a empresa non devolve os resultados da devandita xestión.

Concluída a xestión, o Servizo Público de Emprego procederá ao peche da oferta, ofrecerá ao empresario outros servizos da Carteira e derivará, se procede, ás persoas candidatas non seleccionadas ou que rexeitasen dita oferta, para ofrecerlles outras actividades que poidan mellorar a súa empregabilidade.

III. Información e asesoramento sobre a contratación e as medidas de apoio á mesma (artigo 17 do RDCCS).

Os servizos públicos de emprego prestarán información e asesoramento sobre a contratación e as medidas de apoio á mesma. Estes servizos comprenderán a asistencia cualificada para as persoas, empresas e demais entidades empregadoras na toma de decisións para a contratación de persoal, con información e difusión acerca das medidas de políticas activas de emprego, e os instrumentos dispoñibles de apoio á contratación e inserción vixentes en cada momento, así como das iniciativas de formación no traballo para a cualificación e recualificación das persoas traballadoras.

En particular, os servizos públicos de emprego, previa solicitude, arbitrarán as medidas necesarias co fin de informar as persoas, empresas e demais entidades empregadoras que o soliciten sobre as persoas traballadoras desempregadas ou ocupadas incluídas en programas ou actuacións específicas que comporten incentivos económicos ás empresas que os contraten.

Poderán ser usuarias deste servizo as empresas públicas ou privadas, independentemente da súa forma xurídica, e as persoas autónomas e demais

entidades con capacidade para contratar. O acceso a este servizo poderá ser solicitado a instancias tanto da persoa, empresa ou entidade empregadora, como do servizo público de emprego.

A modalidade da prestación poderá ser presencial, non presencial, a través de medios técnicos ou tecnolóxicos non presenciais dispostos para ese efecto, e mixta.

Previo ao comezo da xestión, os servizos públicos de emprego solicitarán información da empresa que vai participar na actividade. No caso das persoas traballadoras demandantes de servizos de emprego, obterán información relativa ao seu perfil profesional.

O Servizo Público de Emprego informará as persoas, empresas e entidades usuarias sobre os contratos vixentes na lexislación laboral que mellor se axusten ás súas necesidades, así como sobre os incentivos e medidas de fomento da contratación existentes, en especial para a contratación de persoas que pertencen a colectivos de atención prioritaria. Tamén ofrecerá ás empresas, se procede, outras actividades da Carteira Común de Servizos, especialmente a prospección e identificación de necesidades e a xestión de ofertas de emprego, así como sobre as iniciativas de formación no traballo nas que poden participar. Igualmente informará o procedemento establecido para a contratación no exterior en relación coas ocupacións de difícil cobertura.

Así mesmo, informará e asesorará ás empresas de máis de 50 persoas empregadas sobre a cota de reserva a favor das persoas con discapacidade, a autorización de excepcionalidade e as medidas alternativas. Tamén realizará a xestión de sensibilización ás empresas acerca da implantación de plans de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes eliminando no ámbito laboral toda discriminación posible.

Respecto das persoas demandantes, o Servizo Público de Emprego ofreceralles, se procede, actividades da Carteira Común de Servizos que poidan mellorar o seu posicionamento no mercado de traballo.

IV. Prospección e captación de ofertas de emprego (artigo 18 do RDCCS).

A prospección e captación de ofertas de emprego comprenderá a detección e identificación de ofertas de emprego potenciais e dos perfís profesionais requiridos, que permitirá unha adecuada planificación da formación que se precisa. Levará a cabo entre outros medios, mediante visitas a empresas, a través da interlocución sistemática coas organizacións empresariais e sindicais e corporacións locais así como mediante a elaboración e consulta de estudos e traballos técnicos.

A captación de ofertas de emprego non xestionadas polos servizos públicos de emprego comprenderá actuacións de relación estreita coas empresas empregadoras,

en especial coas pequenas e medianas empresas, a fin de promover que xurdan ofertas de emprego, incluídas as que non estean a ser xestionadas polos servizos públicos de emprego.

Poderán ser usuarias deste servizo as empresas públicas ou privadas, independentemente da súa forma xurídica, e as persoas autónomas con capacidade para contratar. O acceso ao servizo realizarase a instancias da empresa ou do servizo público de emprego.

Previo ao seu inicio, o Servizo Público de Emprego solicitará información da empresa que vai participar no mesmo. Cando o servizo se leve a cabo a instancias do Servizo Público de Emprego, deberá ter en conta se a prospección será para postos de traballo en xeral ou para persoas con dificultades de inserción ou outros colectivos.

Deberá obter información sobre as necesidades reais da empresa e as dificultades que ten para cubrir os postos de traballo, axudando á empresa a coñecer as súas necesidades potenciais, informando ao empresario da posibilidade de cubrir esas vacantes a través da casación con demandantes de emprego que se adecúen ás súas necesidades ou axudando á empresa a redefinir o perfil profesional das persoas candidatas no caso de ofertas de difícil cobertura, acordando previamente o procedemento e o grao de intermediación desexado. Estas ofertas captadas serán identificadas como tales no SISPE, procedendo a actuar segundo o descrito na actividade de Xestión de Ofertas de Emprego.

V. Identificación das necesidades das empresas (artigo 19 do RDCCS).

Os servizos públicos de emprego identificarán as necesidades das empresas, tanto no que se refire a postos vacantes, como a perfís profesionais requiridos que sirvan para o adecuado deseño das ofertas formativas de todos os sistemas de formación ao longo da vida, en función do carácter dos devanditos perfís profesionais.

A identificación das necesidades das empresas e demais entidades empregadoras, públicas ou privadas, de calquera tamaño e réxime xurídico, baséase na prospección, captación e identificación das ofertas de emprego potenciais e dos perfís profesionais requiridos pola empresa. A identificación realizarase, entre outros, mediante visitas a empresas e contactos coas empresas e entidades empregadoras, por vía presencial, telemática ou telefónica ou mixta. Terá carácter público e aberto e estará a disposición de todas as administracións responsables das diversas ofertas de formación ao longo da vida. Esta identificación das necesidades realizarase en colaboración co Ministerio de Economía, Comercio e Empresa.

Para dispor dunha información adecuada, este servizo manterá unha interlocución sistemática coas organizacións empresariais e sindicais, corporacións locais, colexios profesionais, axencias de desenvolvemento local, e demais entidades do mercado de

traballo. Ademais, consultará estudos especializados e traballos técnicos sobre a situación do mercado de traballo.

Tamén comprenderá a captación e difusión de ofertas de emprego non xestionadas polos servizos autonómicos, para promover que xurdan novas ofertas de emprego, dando a coñecer directamente ás empresas ou a través dos seus asesores ou xestores, os servizos públicos de emprego.

Este servizo garantido identificará:

- Os sectores de actividade económica con mellores perspectivas de emprego.
- Os sectores de actividade emerxentes.
- Os postos de traballo demandados.
- Os perfís profesionais requiridos.
- As necesidades de cualificación e recualificación das persoas traballadoras.

Poderán ser usuarias deste servizo tanto as empresas, independentemente da súa forma xurídica, como profesionais que, no exercicio da súa actividade, realicen comunicacións e ostenten a representación de empresas en cuxo nome actúan.

O acceso ao servizo realizarase a instancia da empresa ou do servizo público de emprego correspondente.

A información recabada permitirá coñecer as dificultades que teñen as empresas para a cobertura dos seus postos de traballo actuais e anticipar a detección de necesidades latentes ou futuras, en particular as derivadas da remuda xeracional, as transicións cara ao envellecemento activo e as transicións dixital e da sostibilidade. Os servizos públicos de emprego ofrecerán así información e/ou asesoramento para a cobertura de vacantes, incluíndo as de difícil cobertura, facilitando o contacto coas persoas traballadoras máis adecuadas aos perfís requiridos, acordando previamente o procedemento e grao de intermediación desexado.

Ademais, esta información facilitará a planificación da formación necesaria para dar cobertura ás necesidades das persoas traballadoras.

Estas ofertas captadas identificaranse como tales no SISPE, actuando segundo o descrito no artigo 16 do RDCCS respecto da xestión de ofertas de emprego.

VI. Información e apoio sobre os procesos de comunicación das contratacións (artigo 20 do RDCCS).

Os servizos públicos de emprego proporcionarán información e apoio sobre os procesos de comunicación das contratacións e os trámites legais complementarios,

que comprenderá todas as actuacións para facilitar ás empresas a comunicación da contratación laboral e os seus trámites legais complementarios.

Poderán ser usuarias deste servizo tanto as empresas, independentemente da súa forma xurídica, como profesionais que, no exercicio da súa actividade, realicen comunicacións e ostenten a representación de empresas en cuxo nome actúan.

O acceso á actividade realizarase a instancia da empresa ou do Servizo Público de Emprego correspondente.

O Servizo Público de Emprego informará as empresas da obriga de comunicar o contido da contratación laboral ante os servizos públicos de emprego, podendo realizarse esta comunicación, con carácter xeral, a través de medios telemáticos.

Para realizar comunicacións telemáticas da contratación, a empresa deberá solicitar unha autorización ante o Servizo Público de Emprego.

Estas comunicacións regúlanse nas seguintes disposicións:

- *Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, polo que se regula a comunicación do contido dos contratos de traballo e das súas copias básicas aos Servizos Públicos de Emprego, e o uso de medios telemáticos en relación con aquela, que regula tanto as comunicacións do contido dos contratos de traballo e das copias básicas (Capítulo I), definindo suxeitos obrigados, prazos, contidos, etc.; como o uso de medios telemáticos en relación coa comunicación do contido dos contratos de traballo e das copias básicas (Capítulo II), referíndose ás autorizacións para o uso dos medios telemáticos ou os efectos da transmisión, entre outros contidos.*
- *Orde TAS/770/2003, de 14 de marzo, pola que se desenvolve o Real Decreto 1424/2002, de 27 de decembro, que foi modificada parcialmente pola Orde ESS/1727/2013, de 17 de setembro, e que define os datos que obrigatoriamente deberán comunicarse aos Servizos Públicos de Emprego respecto das comunicacións ás que se refire o artigo terceiro do Real Decreto 1424/2002, por calquera dos procedementos que se establecen no artigo segundo da citada norma; e que regula o uso de medios telemáticos en relación coas devanditas comunicacións, así como a aprobación dunha aplicación informática por parte do Servizo Público de Emprego Estatal.*

VII. Apoio aos procesos de recolocación (artigo 21 do RDCCS).

Os servizos públicos de emprego apoiarán nos procesos de recolocación nos supostos previstos legalmente. O citado apoio comprenderá o deseño e a execución dos plans de recolocación cuxa execución corresponda aos servizos públicos de emprego, de acordo coa lexislación vixente, ou o apoio aos procesos de recolocación que se acorde oportunamente.

Este servizo está destinado á reinserción laboral das persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación empresarial, segundo o establecido no artigo 44 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro.

Poderán ser usuarias deste servizo:

- As empresas públicas ou privadas, independentemente da súa forma xurídica, en procesos de reestruturación. O acceso á actividade realizarase a instancias da empresa ou do Servizo Público de Emprego.
- As persoas traballadoras afectadas polo proceso de reestruturación da súa empresa.

O desenvolvemento deste servizo comprende actuacións coa empresa e actuacións coas persoas traballadoras afectadas.

Conxuntamente coa empresa, o persoal técnico cualificado do Servizo Público de Emprego elaborará un plan de recolocación, que recollerá o número e a identificación das persoas ás que vai dirixido.

O plan dirixido ás persoas traballadoras deberá conter, no seu caso, medidas:

- De orientación para o emprego para realizar un diagnóstico individualizado e definir o perfil das persoas traballadoras afectadas.
- De formación para mellorar as súas competencias profesionais ou adquirir outras novas nos sistemas de formación existentes.
- De atención personalizada para o asesoramento de técnicas de procura de emprego.
- De intermediación laboral.

Así mesmo, elaborárase un itinerario individual e personalizado de emprego, do que se fará un seguimento por parte da persoa titora responsable.

VIII. Información e asesoramento sobre ofertas no ámbito da Unión Europea (artigo 22 do RDCCS).

Os servizos públicos de emprego proporcionarán información e asesoramento a través da Rede EURES sobre as posibilidades de difusión de ofertas para a súa posible xestión no ámbito da Unión Europea, ou no de terceiros países cos que se estableceron acordos de cooperación.

Este servizo será prestado polos membros e socios da Rede EURES España, que á súa vez forma parte da rede de cooperación entre servizos de emprego europeos EURES. As empresas, institucións, entidades, centros formativos, universidades, asociacións

profesionais ou axencias de colocación, poderán ser ofertantes de emprego ou solicitantes de servizos garantidos de información e asesoramento.

Co obxecto de facilitar a atracción de talento desde outros países e o aproveitamento das oportunidades que ofrece a libre circulación de traballadoras e traballadores comunitarios, garantirase o acceso, das entidades empregadoras españolas como das persoas demandantes de emprego a todos os servizos propios da Rede EURES España, regulados e descritos no seu propio regulamento e desenvolvementos posteriores.

Os servizos públicos de emprego garantirán ás persoas o acceso á información, asesoramento e apoio ao acceso ao emprego dentro da Unión Europea, así como á información relevante sobre as condicións de traballo e vida nos diferentes países da Rede EURES, para aproveitar as oportunidades que ofrece o dereito de libre circulación de persoas traballadoras na Unión Europea.

O servizo previsto neste artigo incluírá a difusión de ofertas de traballo de empresas e entidades empregadoras españois en Europa, a través dos sistemas informáticos da Rede EURES, así como a posibilidade de pór en marcha proxectos de mobilidade circular no ámbito europeo, procesos de intermediación e selección de persoas candidatas con perfís adecuados, xestión de programas de axudas e apoio financeiro á mobilidade laboral, derivación das empresas aos procesos de selección sectoriais, rexionais, nacionais e feiras de emprego, información a persoas demandantes de emprego sobre particularidades dos sectores económicos, requirimentos legais ou culturais, así como outros aspectos ligados á mobilidade internacional.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN